EuroEume

MEMORIAL ANUAL 2020

Asociación Euroeume

Enderezo: Rúa 8 de Marzo, C.A.P. 15320 As Pontes
Teléfono: 981 44 06 68
E-mail: info@euroeume.org
Web: www.euroeume.org
N.I.F. G15608821
Inscrita no Rexistro de Asociacións o 17-9-1996, nº de rexistro 1372-1ª
Declarada de Utilidade Pública na Orde 2593/2.002 do 30 de setembro

FINS ESTATUTARIOS

ARTIGO 5º.- Obxectivos da Asociación

1º.- A Asociación pretende servir de núcleo de converxencia e representación de todas as entidades e axentes interesados no desenvolvemento integral da comarca para acadar os seguintes obxectivos:

a) Promover e xestionar Programas das diferentes Administracións Públicas ou entidades privadas que contribúan ó desenvolvemento da zona de actuación da Asociación EuroEume.

b) Sensibilizar ás Administracións Locais, Autonómica, Estatal, así como ás Institucións Comunitarias Europeas ó obxecto de optimiza-lo aproveitamento dos recursos endóxenos da comarca de cara ó seu desenvolvemento armónico e integral.

c) Servir ós asociados de centro receptor e distribuidor de toda a información relativa ó eido do desenvolvemento local e rexional, tanto a nivel nacional coma internacional, centrándose este labor principalmente no coñecemento das dotacións, recursos e proxectos existentes en cada momento e susceptibles de levarse a cabo pola Asociación ou polos seus asociados.

d) Posibilitar entre os asociados o intercambio de experiencias e metodoloxías de intervención do ámbito de desenvolvemento local e rexional.

e) Vertebrar os diferentes sectores socioeconómicos e constituír un foro de debate continuo sobre os problemas da zona.

f) Formular e transmitir á poboación a estratexia adecuada para lograr o desenvolvemento da zona, así como promover a súa aplicación.

g) Articular unha dinámica de participación que facilite o desenvolvemento tanto social como económico.

h) Estudar, conservar, promocionar e defender o patrimonio cultural do territorio, así como os recursos naturais e o medio ambiente.

i) Impulsar e promove-la participación social e cidadá nas accións de cooperación para o desenvolvemento, así como fomentala educación para o desenvolvemento e a sensibilización da sociedade galega nas realidades dos pobos máis desfavorecidos, potenciando unha ética asentada en valores humanistas, de convivencia pacífica, tolerancia e igualdade entre tódalas persoas.

j) Promovela sensibilización das institucións de cara a unha aproximación progresiva da porcentaxe que as respectivas entidades públicas destinan a políticas de cooperación ó mínimo ético do 0,7 % dos recursos propios.

k) Deseñar e implementar actividadesenfocadas á xestión sostible e integrada dos recursos turísticos da comarca , coa finalidade de contribuír ao desenvolvemento económico da mesma a través da promoción turística e a conservación do patrimonio etnográfico, cultural e medioambiental do Eume sensibilizando a poboación e administracións.

l) Prestar especial atención e apoio, a través de programas específicos, aos sectores da poboación máis desfavorecidos: mulleres, maiores, xuventude, e colectivos en risco de exclusión social.

m) Fomentar o principio de igualdade de xénero e contemplalo nas actuacións a desenvolver.

n) Promocionar e fomentar a formación, sensibilización, información e participación de persoas voluntarias nos programas de voluntariado da Asociación ou outras entidades do territorio.

Actividades 2020

1.- PROGRAMAS 0.7% IRPF FINS SOCIAIS

Durante o ano 2020, desenvolvéronse varios programas financiados con cargo aos fondos do 0,7% do IRPF que distribúe a convocatoria da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. A dita convocatoria concurrimos a través da **Asociación Terra e Xente**, entidade que constituímos conxuntamente cos Centros de Desenvolvemento Rural de Portas Abertas (Vilardevos), O Viso (Lodoselo), Ancares (Cervantes) e a Asociación FISA Boa Vida (Pontevedra).

A través destas axudas obtívose financiamento para desenvolver actividades en 5 programas: Infancia, Urxencia, Intervención comunitaria, Maiores e Voluntariado Ambiental.

1.1- PROGRAMA DE INFANCIA - O NOSO ESPAZO

- No mes de agosto, en colaboración coa **Asociación Amigus de As Pontes**, organizouse una actividade pedagóxica de robótica con familias do territorio, na que participaron 8 nenas e nenos coas suas nais e país.

- No mes de outubro 72 persoas, das que 34 eran nenas e nenos, repartidos entre catro quendas para cumprir cos requisitos preventivos da pandemia, participaron nunha actividade, no marco do "Proxecto Ríos", relacionada con dar a coñecer a riqueza do territorio, dos saberes tradicionais, fomentar o contacto coa natureza. Realizouse en colaboración co **Museo Etnográfico de A Capela** e a **ANPA do CEIP Mosteiro de Caaveiro**.

1.2- PROGRAMA DE ATENCIÓN URXENTE

En colaboración coa concellería de **Servizos Sociais do Concello de As Pontes**, o programa consistiu na entrega de bens de primeira necesidade a 10 persoas en situación o risco de exclusión social. Nun momento de crise económica e social importante, tendo en conta o escaso volume de recursos dispoñibles por parte de Euroeume, optouse optouse por facer unha contribución ao Banco de Alimentos que na actualidade está a desenvolver o Concello de As Pontes.

1.3- PROGRAMA DE INTERVENCIÓN COMUNITARIA

Prestouse asesoramento e asistencia a un total de 14 persoas, en temáticas relacionadas coa Inserción sociolaboral e co apoio ao emprendemento.

- No mes de decembro organizouse un obradoiro para a transformación e conservación de produtos alimentarios, con 27 persoas participantes. Debido ás restricións en canto á mobilidade e ao número de persoas que podían xuntarse nun mesmo espazo este obradoiro realizouse a través de plataformas dixitais.

1.4- PROGRAMA DE MAIORES - ALDEAS ACTIVAS

Dentro deste programa, debido ás restricións impostas pola situación sociosanitaria tivéronse que reorientar as actividades previstas para o exercicio. Así, atendendo á proposta dos **Concellos de As Pontes e Pontedeume**, organizáronse dúas actividades formativas online, sobre alfabetización dixital e trámites electrónicos, que se desenvolveron entre os meses de novembro e decembro coa participación de 20 persoas

1.5- PROGRAMA DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL

No marco do Programa de Voluntariado Ambiental da Asociación realizáronse diversas actividades, enfocadas principalmente á concienciación medio ambiental e á mellora na xestión de residuos.

Durante este ano participaron nas actividades do programa un total de 8 persoas voluntarias, que colaboraron de diferentes xeitos no desenvolvemento das actividades realizadas neste programa.

No marco do acordo de colaboración asinado co **IES Fraga do Eume**, o persoal da Asociación impartiu dúas charlas sobre Xestión de Residuos na Hostalería e sobre compostaxe dos residuos orgánicos da cociña e comedor do centro, coa participación de 84 alumnas e alumnos e de 16 profesoras e profesores. Ademais, co alumnado de 4º da ESO, contruíuse e instalouse un composteiro no centro. Por mor das restricións sociosanitarias as restantes actividades relacionadas coa xestión do composteiro tiveron que adiarse, coa previsión de recuperar as mesmas durante o ano 2021.

Durante o mes de febreiro organizáronse unhas actividades de educación ambiental en torno ao composteiro escolar creado no **CPI O Feal** no ano 2019, para o aproveitamento dos residuos orgánicos do comedor escolar. Nestas actividades participaron 80 rapazas e rapaces de 1º da ESO, nas que se lles explicou en que consistía a compostaxe, os residuos que se poden botar ao composteiro, etc.

O 5 de xuño celebrouse o Día do Medio Ambiente. Debido ás restricións en canto á mobilidade e actividades en grupo este ano non se puido celebrar cunha actividade ao aire libre, polo que se organizou unha actividade nas redes sociais da asociación, para que as persoas interesadas enviasen e compartisen contidos relacionados coa biodiversidade durante a primeira semana do mes de xuño. Un total de 14 persoas participaron nesta actividade.

O día 27 de setembro, en colaboración co Concello de As Pontes, e no marco da XIII Limpeza simultánea de ríos, coordinada por ADEGA a nivel galego, organizouse, en colaboración co Concello de As Pontes, unha saída con voluntarios, no tramo do río Eume pola vila de As Pontes. Nesta actividade participaron un total de 9 persoas, e retiráronse do cauce e as marxes do río máis de 200 kg de residuos, que posteriormente foron levados ao punto limpo de As Pontes.

Na mesma liña, o 5 de setembro organizouse unha saída con voluntarios para facer unha recollida de residuos no río Belelle, na que se participaron 4 persoas voluntarias, que retiraron do cauce e a ribeira do río máis de 40 kg de residuos.

2.- PROGRAMA 0.7% IRPF IGUALDADE

Desenvolvéronse diversas actuacións enmarcadas no proxecto presentado con Terra e Xente ás axudas do 0,7% do IRPF para actuacións relacionadas coa promoción da igualdade de xénero. Dentro das actuacións compre sinalar:

A celebración de 14 reunións con Concellerías e servizos de igualdade dos Concellos da Comarca, asociacións e centros de ensino

A organización de 2 obradoiros de Sensibilización ‘’Mirao ben: falamos da igualdade entre mulleres e homes’’ e "Falamos de discriminación e violencia contra as mulleres" coa **Asociación Saúde Mental Ferrol Eume Ortegal**

A celebración do Obradoiro de Modelado e impresión en 3D realizado en colaboración coa **Asociación Amigus de As Pontes** o 24 e 25 de Agosto en As Pontes.

A elaboración e difusión nos centros educativos de secundaria de trípticos de sensibilización sobre acoso sexual na mocidade para a campaña #Rexéitao, e elaboración dun audiovisual para a campaña de sensibilización #Rexéitao

A elaboración e difusión de trípticos de sensibilización sobre acoso sexual na empresa para a campaña #NonSexasCómplice, e a publicación dun audiovisual. Estas actividades realizáronse en colaboración coa **Asociación de Empresarios Seara**, e deron continuidade á xornada sobre acoso sexual na empresa realizada a finais do ano 2019.

A realización do Ciclo de catro Obradoiros de Empoderamento ‘’Iguais’’, coa **Asociación de Amas de Casa de As Pontes**.

Participación nas reivindicacións en materia de igualdade, coa publicación en datas sinaladas (8M, 25N, días da muller rural e muller emprendedora,...) de cartelería e imaxes nas redes sociais e na páxina web da asociación.

3.- DESENVOLVEMENTO SECTOR PRIMARIO

No marco das axudas de Actividades de Promoción Económica da Deputación da Coruña para o ano 2020 realizáronse diferentes actuacións de cara a reforzar as relacións en torno á cadea alimentaria local e fomentar o coñecemento e concienciación sobre a importancia e os beneficios que crea para a nosa sociedade o consumo de produtos locais.

Nos últimos anos vimos realizando unha serie de actividades a prol do desenvolvemento do sistema alimentario da comarca apoiándonos nas axudas de Promoción Económica da Deputación da Coruña.

Entre elas, cabe destacar o respaldo dado á **AAVV do Monte Forgoselo** para a posta en marcha do couto micolóxico en dito monte. Un paso máis nese senso é a experiencia levada a cabo de transformación dos Boletus Edulis recollidos no propio monte. Así apoiouse a dita AVV para que contase cos medios necesarios para a recollida dun volumen mínimo demostrativo de Boletus Edulis e poder levar a cabo a experiencia piloto de transformar este produto na comarca.

Por outra banda contratáronse dúas asistencias técnicas; unha coa conserveira Mar de Ardora para realizar o estudo de cara a posta en valor do recurso micolóxico a través da súa transformación. Decantándose polo confitado como fórmula de conservación. A través deste traballo procedeuse a caracterización do produto; análise microbiolóxica e a descrición das propiedades organolépticas, que destacaron o "intenso sabor a seta boletus, potenciado co confitado. Mistura de aromas do Aceite de Oliva Virxen Extra Bio". A segunda coa empresa Eumenet encargóuselle o deseño dunha proposta de imaxe para a presentación da conserva.

Por último, levouse a cabo unha campaña de difusión dos produtos de alimentación da comarca do Eume, para incentivar o consumo de proximidade nun ano tan complicado.

Deputación DA CORUÑA

EuroEume

No marco do apoio dado a **AAVV do Monte Forgoselo** para a xestión do seu couto micolóxico, o 11 de Novembro participamos nunha nova edición das xornadas micolóxicos que ven organizando o concello de A Pobra do Caramiñal, compartindo dita experiencia.

A Asoc. EuroEume, como socio fundador da **Agrupación Agroalimentaria do Eume,** ven apoiando esta entidade desde a súa creación. Así, compre recoller nesta memoria o apoio dado a entidade ao longo deste ano 2.020, asumindo os labores administrativos, de comunicación e comerciais da entidade, a través da tenda online contida na web https://www.agroalimentariadoeume.org/.

Ademais vimos colaborando na posta en marcha das actividades formativas que promove a **Oficina Agraria Comarcal de As Pontes**, como o curso en xestión do pastoreo no gando vacún celebrado na Cooperativa Campo Capela.

4.- OUTRAS ACTIVIDADES

Durante o exercicio 2020 continuamos a prestar servizos como punto de información e promoción de recursos turísticos do territorio. Así mantense o dominio e o aloxamento do portal da marca Eumeturismo; www.eumeturismo.org: que a pesares de ser unha páxina que precisaría unha actualización segue a recibir unha cifra de visitas anuais importante, 15.487 no pasado 2.020.

Colaborase asimesmo co **Museo Etnográfico O Pazo de A Capela** no servizo de atención de visitantes durante a campaña de verán.

EuroEume ven participando, xunto con outras entidades, no proxecto de posta en valor do Camiño dos Arrieiros iniciado co proxecto da **Asociación Seitura 22** e executado por Cultureume S.L. que está a ter continuidade polo impulso das entidades participantes.